



PREMIOS MIL
PRIMAVERAS

ACTA DO XURADO DOS II PREMIOS MIL PRIMAVERAS A PROXECTOS DE POSTA EN VALOR E FOMENTO DO GALEGO

Lugar: en liña a través da plataforma Jitsi Meet

Data: 23 de marzo de 2021

Hora de comezo: 17.00 h

Hora de remate: 18.40 h

Membros do xurado:

- Mónica Fernández Valencia, técnica de normalización lingüística do Concello de Ourense e coordinadora do *Proxecto Youtubeir@s* (proxecto premiado na primeira edición), como presidenta do xurado,
- Eloi Gestido de la Torre, docente e coordinador do proxecto *Falemos de ti e min: a cultura galega desde unha perspectiva integradora* (proxecto premiado na primeira edición),
- Silvia Muíño Naveira, técnica de normalización lingüística do Concello de Betanzos,
- Nerea Couselo Fernández, pedagoga e educadora social especialista en dinamización sociocultural en Xandobela, Educación e Cultura, e
- Irene Pin, xornalista en *Nós Diario*.

Intervén como secretaria do xurado Anxos Sobriño Pérez, presidenta da CTNL, con voz e sen voto.

Como indican as bases dos II Premios Mil Primavera a proxectos de posta en valor e fomento do galego, promovidos pola Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) coa finalidade de **recoñecer e difundir accións, campañas, programas e proxectos que teñen como obxectivo principal a valorización e o fomento da lingua e a procura do incremento do seu uso e/ou prestixio**, o xurado reúnese para decidir os proxectos premiados nas seguintes categorías:

- **Premio ao mellor proxecto estabilizado**

Escollido entre aqueles que se leven desenvolvendo durante, polo menos, cinco anos.

- **Premio ao mellor proxecto novo**

Escollido entre aqueles nados en 2018 ou despois.

- **Premio á mellor comunicación e impacto**

Escollido por acadar un grande impacto social e por supor un modelo positivo de comunicación.

- **Premio ao proxecto máis innovador**

Escollido atendendo á innovación da súa maneira de intervir, da súa linguaxe, do seu ámbito de actuación etc.

- **Premio ao mellor proxecto de fomento do galego na infancia e/ou mocidade**

Escollido entre aqueles que teñen como obxectivo principal a socialización en galego da infancia ou da mocidade, como poboación destinataria prioritaria na normalización lingüística para garantir o futuro da lingua.

- **Premio ao mellor proxecto de fomento do galego nun ámbito sectorial (por exemplo, no ámbito socioeconómico, no das novas tecnoloxías, no audiovisual etc.)**

Escollido entre aqueles que teñen como obxectivo principal a procura do incremento do uso e/ou prestixio do galego nun ámbito sectorial concreto.

Logo de avaliar os 37 proxectos presentados e das deliberacións pertinentes, o xurado decide conceder os seguintes premios:

- **Premio ao mellor proxecto estabilizado**

Proxectos Regueifesta e Enreguéifate (SNL de Ames, Pontevedra, Rianxo, Santiago de Compostela e Teo e promotores da Regueifesta), por ser un proxecto interxeracional, que revitaliza unha actividade tradicional conectándoa coa mocidade e introducindo valores transversais. O xurado valorou especialmente que traballa o aspecto oral, que se relaciona con proxectos semellantes fóra de Galicia e que é un proxecto que cada ano ten maior proxección, cunha imaxe moi coidada, atractiva e fresca. Así mesmo, tamén se tivo en conta que é un proxecto no cal colaboran diferentes servizos de normalización lingüística e que implica de forma especial os centros educativos.

- **Premio ao mellor proxecto novo**

Galeguiza-T (Galeguiza-T), por ser un proxecto cun gran traballo de base, creado desde e para a mocidade, a través das súas propias redes de comunicación e incidindo nos seus temas de interese. O xurado tivo en conta a calidade do aspecto comunicativo, a metodoloxía de traballo e a innovación e modernidade do proxecto. Tamén se valorou que transcendese o labor nun só centro e buscábase implicar a mozos e mozas doutros centros, grazas ao traballo entre iguais.

- **Premio á mellor comunicación e impacto**

Dígocho eu (CRTVG), por ser un proxecto fresco, de grande impacto social dirixido ao conxunto da cidadanía. Así mesmo, o xurado apreciou a boa imaxe desta iniciativa, a súa efectividade e utilidade práctica e que resulta motivadora para as persoas destinatarias. Na vertente comunicativa, destaca a constancia, a adaptación á actualidade e os diversos formatos e canles que emprega, que permiten chegar a un maior público e conectar facilmente coa infancia e a mocidade.

- **Premio ao proxecto máis innovador**

Plan de desconfinamento progresivo da lingua galega (Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega do IES Eduardo Blanco Amor de Culleredo), por aproveitar a actualidade sanitaria do momento para crear un proxecto totalmente adaptado ás circunstancias da pandemia. O xurado destacou a boa planificación, a definición de obxectivos e fases do proxecto e a orixinalidade da adecuación de ferramentas e recursos coñecidos a unha situación singular.

- **Premio ao mellor proxecto de fomento do galego na infancia e/ou mocidade**

Proxecto Educativo Semente (Proxecto Educativo Semente), por ser un proxecto integral, ambicioso e esperanzador para o futuro da lingua, que logrou cubrir un oco, a inmersión lingüística, que a iniciativa pública deixou de lado. O xurado destacou que é un proxecto moi completo, que se espalla polo territorio e que medra da educación infantil á primaria. Tamén recoñeceu a importancia de traballar a autoestima lingüística das crianzas con metodoloxías innovadoras e a elaboración de recursos de calidade para o proxecto educativo.

- **Premio ao mellor proxecto de fomento do galego nun ámbito sectorial (por exemplo, no ámbito socioeconómico, no das novas tecnoloxías, no audiovisual etc.)**

Galegoempresas (SNL de Santiago de Compostela, Ames e Teo), por ser un proxecto efectivo e exportable a outros concellos ou comarcas, que relaciona o uso da lingua con valores de calidade e proximidade. O xurado destacou que a necesidade desta iniciativa está moi ben xustificada no proxecto, e que con ela se promove o uso do galego en diferentes ámbitos: laboral, comercial, empresarial... Así mesmo, valorouse que o proxecto favoreza a autodiagnose das propias empresas, o que permite que reflexionen sobre a súa política lingüística e avancen conscientemente nun maior uso da lingua. Tamén se salientou a boa comunicación e a dotación de ferramentas para que as empresas cheguen ao 100% do uso do galego.

O xurado decidiu tamén recoñecer cunha mención o proxecto **O galego, a miña lingua propia** (SNL da Deputación Provincial da Coruña) por ser un proxecto de calidade que pode servir de estímulo e modelo para outras administracións (deputacións, concellos...), adaptado e redimensionado de acordo co contexto. Con motivo desta mención, o proxecto tamén será publicado no web dos premios.

Sen máis asuntos que tratar, a presidenta dá por finalizada a reunión e eu como secretaria redacto esta acta.

A secretaria

A presidenta

Anexo: bases dos II Premios Mil Primaveras a proxectos de posta en valor e fomento do galego